



Obxecto:	Informe Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Xesteirón
Concellos:	Chandrexa de Queixa e Montederramo (Ourense)
Promotor:	Greenalia Wind Power, S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Conselleira de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2020/32B
Expediente:	03.I.564.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3404/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 22.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia dous escritos do Servizo de Enerxías e Minas de Ourense da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo cos artigos 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, respectivamente, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados "*Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Xesteirón, en los términos municipales de Chandrexa de Queixa e Montederramo (Ourense), julio 2021*" e "*Proyecto Sectorial del Parque Eólico Xesteirón, en los términos municipales de Chandrexa de Queixa y Montederramo (Ourense), julio 2020*".

Antecedentes e feitos

O 06.03.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais do Parque Eólico Xesteirón (Chandrexa de Queixa e Montederramo, Ourense) (CT102A 2020/131-O), baixo a dirección do arqueólogo Mario César Vila da Empresa Tempos Arqueólogos.

Consideracións legais e técnicas

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do parque eólico Xesteirón composto por 10 aerogeradores de potencia unitaria de 4.500 kW, 120 m de altura de buxa e 160 m de diámetro de rotor (o que supón unha altura total de 200 m e potencia total instalada de 45 MW), e a súa infraestrutura asociada: apertura, preparación e acondicionamento dos camiños de acceso aos aerogeradores, cimentación para os aerogeradores e a torre de medición, plataformas de montaxe, gabias para instalación do cableado eléctrico, subestación e edificio de control, torre de medición e zona de acopio de materiais e maquinaria.





- A evacuación da enerxía xerada no parque eólico está previsto que sexa compartida cos futuros parques eólicos Rodicio e Rodicio II (propiedade de Greenalia Wind Power SLU) por medio dunha LAT aérea de 220 KV (obxecto de proxecto independente) ata a subestación colectora Meda, que enlazará a súa vez coa subestación PE Sil, propiedade de REE.
- Das alternativas analizadas (0/1/2/3) a elixida é a 3, que se considera a máis favorable dende o punto de vista ambiental, ademais que con esta alternativa non se ve afectado o elemento arqueolóxico petróglifo de Chaos de San Fiz (inédito).
- O acceso ao parque eólico realizarase desde a poboación de Montederramo tomando a estrada OU-0602. Os accesos externos faranse mediante o aproveitamento das infraestruturas xa existentes. Os camiños internos a las liñas de aerogeradores e ao centro de control adaptaranse a topografía do terreo e terán unha anchura de 5 m.
- O Parque eólico Xesteirón sitúase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico denominado Serra do Burgo, incluída dentro do plan sectorial eólico de Galicia, incluíndo dentro de esta área de desenvolvemento eólico todos os aerogeradores do parque eólico e instalacións asociadas.
- No documento analízase, ademais da alternativa 0, tres alternativas de deseño de parque eólico (1, 2 e 3). Todas contan con SET, zona de acopio, e torre meteorolóxica e o mesmo número de aerogeradores, pero distinta disposición concreta. Selecciónase como máis favorable para o desenvolvemento do proxecto a alternativa 3, xa que é a que menor número de restricións ambientais presenta, reduce a lonxitude de vieiros proxectados e consegue eliminar a afección sobre un elemento arqueolóxico inédito (petróglifo) pertencente ao patrimonio cultural.
- En relación co **patrimonio cultural**, os apartados 7 *Inventario*, punto 7.6.6. *Patrimonio cultural e etnográfico*, 8 *Identificación e valoración de impactos ambientais*, punto 8.3.4.1. *Afección a elementos do patrimonio cultural* e 9 *Medidas preventivas, protectoras e correctoras*, punto 9.11 *Medidas sobre o patrimonio cultural e etnográfico* fan mención e remiten ao Anexo IX *Estudo de impacto sobre bens culturais*, onde se valoran os impactos e establecen as medidas correctoras.
- Como **Anexo IX Estudio de impacto sobre bienes culturales**, achéganse os seguintes documentos:
 - *Informe-Memoria Técnica da prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Xesteirón. Chandrexa de Queixa e Montederramo (Ourense)*, asinado en marzo de 2020 polo arqueólogo Mario César Vila da empresa Tempos Arqueólogos, SL.
 - *Anexo ao Informe-Memoria Técnica da prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Xesteirón*, asinado en xullo de 2020 tamén polo arqueólogo Mario César Vila da empresa Tempos Arqueólogos, SL.

Conforme ao primeiro documento (*Informe-Memoria Técnica*) realizouse unha prospección intensiva nunha banda de 200 m a cada lado do límite externo das infraestruturas proxectadas. Non se fai referencia á prospección da superficie total da poligonal, e sinalase que para a súa realización consultouse o inventario de Bens Culturais da DXPC, o PBA e a normativa municipal de Chandrexa de Queixa e Montederramo.

Foron identificados no ámbito inmediato de estudo do parque eólico, un total de 16 elementos do patrimonio cultural, todos de carácter etnolóxico e todos no concello de Chandrexa de Queixa:

COD	ELEMENTO	DIST.	AFECCIÓN	IMPACTO
E1	Muros tradicionais en Pena Vidueira	0 m	AE1, plataforma, acceso e gabia	Severo
E2	Muros tradicionais en Picoto	0 m	Torre anemométrica E2e gabia	Severo
E3	Muros tradicionais en Xesteirón	0 m	AE2, plataforma, acceso e gabia	Severo
E4	Muros tradicionais de Salgueiro	0 m	AE6, plataforma, acceso e gabia	Severo
E5	Muros tradicionais en Chao da Portela	0 m	AE7, plataforma, acceso e gabia	Severo
E6	Chozo en Valisco	115 m	AE7, plataforma, acceso e gabia	Sen impacto
E7	Muros tradicionais en Chao da Portela	0 m	Acceso (Eixo 08) e gabia	Severo



E8	Muros tradicionais en Monte das Pombeiras	0 m	AE8, plataforma, acceso e gabia	Severo
E9	Muros tradicionais en Cruceiros	0 m	SE, zona de acopios e de maquinaria, acceso e gabia.	Severo
E10	Muros tradicionais en Piñán	0 m	Acceso entre AE4-AE5 (Eixo 03) e gabia	Severo
E11	Muros tradicionais en Piñán	0 m	AE4, plataforma, acceso (Eixo 03) e gabia	Severo
E12	Muros tradicionais en Val de Cabra	0 m	AE3, plataforma, acceso (Eixo 03) e gabia	Severo
E13	Chozo en Piñán	18 m	AE3, plataforma, acceso (Eixo 03) e gabia	Compatible
E14	Muros tradicionais en Pena do Arco	0 m	AE5, plataforma, acceso (Eixo 05) e gabia	Severo
E15	Muros tradicionais	0 m	AE10, plataforma, acceso (Eixo 10) e gabia	Severo
E16	Muros tradicionais en Piago	0 m	AE09, plataforma, acceso (Eixo 09) e gabia	Severo

Como medidas correctoras para os elementos: E01, E02, E03, E04, E05, E07, E08, E09, E10, E11, E12, E14, E15 e E16 (muros tradicionais) con impacto severo, propóñense as seguintes:

- Situación en cartografía de obra.
- Información aos responsables e persoal durante a execución dos traballos.
- Documentación exhaustiva das estruturas.
- Control e seguimento arqueolóxico dos traballos.
- Nas zonas con muros non afectadas polas obras evitárase a afección sobre os muros, a fin de manter a conservación de ditos elementos.

Como medidas correctoras para o elemento E06-Chozo de Valisco (non se aprecia impacto), propóñense as seguintes:

- Situación en cartografía de obra.
- Información aos responsables e persoal durante a execución dos traballos.
- Balizamento do límite externo da obra á altura do elemento.

Como medidas correctoras para o elemento E13-Chozo de Piñán (impacto compatible), propóñense as seguintes:

- Situación en cartografía de obra.
- Información aos responsables e persoal durante a execución dos traballos.
- Documentación exhaustiva das estruturas.
- Control e seguimento arqueolóxico dos traballos.
- Balizamento do elemento, así como do límite externo da obra.
- A área de protección integral do elemento considérase como zona de exclusión.

Dentro do apartado de Conclusións e valoración, deste *Informe-Memoria Técnica*, inclúese ademais que deben extremarse as precaucións no tránsito e actuacións a desenvolver no entorno dos elementos, desprazar o máximo posible as zonas de actuacións construtivas dos muros tradicionais e camiños a fin de minimizar o impacto sobre os mesmos. Asemade, debido á densa cobertura vexetal localizada na zona, propónse a roza previa e unha prospección antes do inicio das obras a fin de comprobar a existencia ou non de bens culturais.

O segundo documento (*Anexo ao Informe-Memoria Técnica*) redáctase co obxecto de actualizar a información tras a localización dun novo elemento no transcurso dos traballos de prospección arqueolóxica da LAT Xesteirón-Meda, realizados polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía. Trátase dun ben arqueolóxico inédito (***Petróglifo de Os Chaos de San Fiz***), nas coordenadas x: 629950, y: 4680348.

O documento inclúe ficha individualizada do ben e unha actualización da táboa, que agora conta cun elemento novo:

COD	ELEMENTO	DISTANCIA	AFECCIÓN	IMPACTO
-----	----------	-----------	----------	---------



E17	Petróglifo de os Chaos de San Fiz	60 m	Acceso e gabia	Moderado
-----	-----------------------------------	------	----------------	----------

Respecto a este novo elemento, *Petróglifo de Os Chaos de San Fiz*, as infraestruturas máis próximas atopábanse ao S: subestación a 26 m, área de acopios a 55 m e a gabia de cableado a 60 m, causando un impacto SEVERO (subestación e área de acopios) e MODERADO (escavación da gabia). Para corrixir os impactos modifícase o emprazamento da subestación e da zona de acopios, aínda que se mantén a gabia de cableado que se executará pola marxe máis afastada do ben (por unha pista existente que non necesita acondicionamento). A nova localización das infraestruturas é a seguinte: subestación ao pé do acceso S do aeroxerador 5 (Eixo 05), zona de acopios ao pé do acceso S do aeroxerador 9 (Eixo 10), na actualidade con moita vexetación polo que propónse un control intensivo da roza.

Propóñense medidas xenéricas: situación do ben cartografía de obra, e informar aos responsables e persoal da presenza do ben, e medidas específicas: control arqueolóxico do movemento de terras na apertura da gabia, da roza previa da vexetación e revisión de diferentes zonas ao inicio das obras.

Asemade, co desprazamento da SET e da zona de acopios a cualificación do impacto do elemento E9-Muros tradicionais en Cruceiros, pasa de ser severo a compatible. O resto de cualificación de impactos non varía respecto ao documento anterior.

Proxecto sectorial

- O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Xesteirón.
- No Anexo N° 3 *Justificación de la coherencia con las DOT e ACE*, punto 3.3 *Relación con los elementos territoriales y estratégicos* din que a instalación do parque eólico non afectará ao patrimonio cultural, sendo compatible co mesmo.
- O Anexo N° 5 *Memoria EIA*, contén a memoria do Estudo de impacto ambiental na cal, nos apartados referentes ao patrimonio cultural, remítese ao Anexo IX de *Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural*.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Anexo IX *Estudo de impacto sobre bens culturais*, do EIA, e avaliando o seu impacto establecendo as oportunas medidas correctoras.
- Tal como se indica nese estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, o parque eólico localízase na cima dunha dorsal onde existen numerosos muros de mampostería tradicional, executados coa técnica de pedra en seco, que parcelan as fincas e delimitan os camiños tradicionais e inevitablemente veranse afectados. Esténdense por toda a contorna e poden alcanzar nalgúns tramos máis de 1 m de altura. Correspóndense coa tipoloxía 2 Serras surorientais e sub-tipoloxía valados de cachotería de xunta seca, da *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados da Xunta de Galicia*.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

- No EIA, no punto 8.3.2 *Medio perceptíbel* di que na fase de construción se desmontarán os muros tradicionais nos tramos onde sexa preciso e no punto 8.3.4.1. *Afección a elementos do patrimonio cultural* –Fase de construción– di que tras as labores de restauración se procederá á rehabilitación dos tramos de muro que resultaran afectados durante as obras. Tamén no punto





9.13.2. *Medidas correctoras* indícase que unha das principais medidas correctoras será a reposición dos muros de pedra tradicionais, e concréntanse as medidas para cando un desmonte afecte a muros tradicionais.

Nas medidas correctoras do Anexo IX *Estudo de impacto sobre bens culturais* non se indica se os muros afectados serán repostos, desprazados, rehabilitados..., soamente que sexan documentados.

- Por outra parte, non se concreta no EIA o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de impacto ambiental (Xullo 2021) cos datos e planimetría do Proxecto sectorial (Xullo 2020), compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

En atención ao expresado na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, infórmase de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Xesteirón, en los término municipales Chandrexa de Queixa e Montederramo (Ourense), julio 2021* e *Proyecto Sectorial del Parque Eólico Xesteirón, en los términos municipales de Chandrexa de Queixa y Montederramo (Ourense), julio 2020*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no *Estudo de impacto sobre o Patrimonio Cultural* realizado polo arqueólogo Mario César Vila da empresa Tempos Arqueólogos SL., que constitúe o Anexo IX do EIA, así como co cumprimento do seguinte:

- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997). O proxecto incorporará as medidas correctoras establecidas no Anexo IX do EIA e s que se establezan neste informe.
- Previo ao inicio da obras, realizárase unha roza da vexetación das áreas indicadas no Anexo IX do EIA, baixo control e seguimento arqueolóxico (especialmente na zona de acopios). No caso de identificarse bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos afectados deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre á rede de muros tradicionais que caracteriza o territorio onde se instalará o parque eólico.
- No replanteo dos viais de acceso e execución de cimentacións e plataformas estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.





- Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras, tal como se sinala no EIA nos seus apartados 8.3.2 *Medio perceptíbel*, 8.3.4.1. *Afección a elementos do patrimonio cultural* e 9.13.2. *Medidas correctoras*.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aerogeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- En relación co proxecto sectorial:
 - Deberá incluír os resultados da prospección arqueolóxica do Anexo IX do EsIA.
 - Na planimetría deberán reflectirse todos os cambios causados provocados polas condicións impostas ao informe favorable do EsIA.
 - O concello afectado, deberá integrar os novos bens patrimoniais no seu catálogo urbanístico de protección, en concreto o ben arqueolóxico inédito (*Petróglifo de Os Chaos de San Fiz*).

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial de Ourense

Vicepresidencia Segunda e Conselleira de Economía, Empresa e Innovación

